

CRONICA do PARTIDO

→ **EQUIPO:** DIMOLK BASKET XIRIA ARTAI

→ **CATEGORÍA:** SÉNIOR FEMININO 3ª DIV.

DATA	HORA	PAVILLON - POBOACION	XORNADA	COMPETICION
20.03.2021	15:30H	RIAZOR 2- A CORUÑA	3º	LIGA 3ª DIV.

• **MARCADOR:**

DIMOLK XIRIA ARTAI					ESCLAVAS TREBÓNS				
1ºQ	2ºQ	3ºQ	4ºQ	FINAL	1ºQ	2ºQ	3ºQ	4ºQ	FINAL
7	6	3	11	27	8	8	7	12	35

• **ADESTRADOR:** HECTOR AÑON

• **ANOTADORES:**

Nuria (4), Íria Sánchez (-), Carmen (7 , 1 tripla), Elba (0), Gabriela (0), Liste(0), Sara (4), Sabela (-), Lucía (4), Alba (0), Cayetana (6), Andrea (2), Paula (-)

• **ANÁLISIS DO PARTIDO:**

Volta a competición para as nosas , que volvían a competir despois de mais de 3 meses de parón , factor que foi determinante de cara o resultado final sumado as baixas de Iria Sánchez , Paula e Sabela .

O primeiro cuarto sería de imprecisións para os dous equipos con moitos erros sinxelos por parte dos dous equipos deixando de anotar canastras moi sinxelas e que deixaban un baixo marcador o finalizar o premer cuarto , 7-8.

No segundo cuarto o xogo melloraría tanto en ataque como en defensa , pero o problema seguía sendo o mesmo , xenerábanse boas situacións de tiro pero o acerto era mínimo incluso errando bandexas doadas , pero o equipo local tamén cometería erros dándonos vida para a segunda parte sendo a diferenza mínima o descanso , 16-13.

Tras o descanso todo seguiría igual , e con so 3 puntos en 10 minutos facían moi difícil pensar nun bo resultado de cara o final e facía que as locais colleran marxe para afrontar os últimos 10 minutos , 23-16.

No último cuarto as canastras que se erraron nos minutos anteriores conseguíanse anotar neste , pero Trebóns tamén o faría sobre todo dende a liña de 3 puntos o que facía imposible que o Dimolk conseguira sacar a vitoria , e sumando unha nova derrota pola mínima 35-27.